**Resolución do 11 de decembro de 2023, da Universidade de Santiago de Compostela, pola que se convoca a preselección por concurso público de méritos, para poder concorrer á vindeira *Convocatoria de Axudas para a Contratación de Persoal Tecnico de Apoio do Ministerio de Ciencia e Innovación, correspondente á convocatoria 2023, publicada no BOE do 24 de novembro de 2023.***

A Universidade de Santiago de Compostela, convoca a preselección por concurso público de méritos, co fin de que as persoas que acaden maior puntuación para que poidan concorrer á vindeira Convocatoria de Axudas para a Contratación de Persoal técnico de Apoio do Ministerio de Ciencia e Innovación, para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva de acordo coas seguintes bases.

## 1. NORMAS XERAIS

Este procedemento réxese polo disposto nos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro; na Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, modificada pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (en diante, LOU); na Lei 14/2011, de 1 de xuño, da Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, na Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e, supletoriamente, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPACAP) e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (en diante, LRXSP)

## 2. OBXECTO

O Ministerio de Ciencia, Innovación, e Universidades, vai por en marcha un programa de incorporación de recursos humanos de persoal técnico de apoio ás universidade en áreas estratéxicas de investigación seleccionadas polas universidades.

A referida convocatoria proporá a contratación mediante a figura do persoal técnico de Apoio a través do financiamento de contratos de tres anos de duración, coas condicións que se recollerán nas bases da referida convocatoria:

Para estes efectos, a Universidade de Santiago de Compostela realiza unha CONVOCATORIA DE PRESELECCIÓN, cuxa finalidade é crear unha listaxe ordenada de persoas candidatas que poderán concorrer, finalmente, á Convocatoria do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades da Resolución da Presidencia da Axencia Estatal de Investigación pola que se

aproba a convocatoria de tramitación anticipada, correspondiente ao ano 2023, das axudas para persoal técnico de apoio, do Programa Estatal para Desarrollar, Atraer y Reter Talento, no marco do Plan Estatal de Investigación Científica, Técnica y de Innovación 2021-2023.

## 3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Para seren admitidos, ademais dos requisitos específicos esixidos na modalidade para a que realicen a súa solicitude, deberán cumprir, no día de remate de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos de carácter xeral:

**a)** Ter nacionalidade española ou algunha outra de conformidade co artigo 52 da Lei 2/2015 do 29 de abril, do emprego público de Galicia, que permita o acceso ao emprego público.

**b)** Estar en posesión da titulación e demais requisitos esixidos na convocatoria para cada categoría no momento do remate do prazo de solicitudes.

**c)** Non ter sido despedido mediante expediente disciplinario de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin estar na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratara de acceder á mesma categoría profesional á que pertencía.

**d)** No caso de nacionais doutros estados, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.

**e)** Ter cumpridos os dezaseis anos.

**f)** Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

**g)** Acreditar, se é o caso, a capacitación establecida pola Orde ECC/566/2015 do 20 de marzo, ou a que a substitúa, pola que se establecen os requisitos de capacitación que debe cumprir o persoal que manexe animais empregados, criados ou subministrados con fins de experimentación e outros fins científicos, incluíndo a docencia, cando o traballo a realizar comprenda, en todo ou en parte, o uso ou manexo de animais.

**h)** Acreditar, no suposto de que a actividade a desenvolver implique o contacto habitual con menores de idade, a carencia de delitos sexuais mediante certificado negativo do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais, de conformidade coa Lei orgánica 1/1996 de protección xurídica do menor ou norma que a substitúa.

## 4. AVALIACIÓN E PRESELECCIÓN

A avaliación e preselección a realizarase de acordo co baremo que se sinala a continuación:

**Méritos curriculares da persoa candidata. Puntuación de 0 a 100 puntos.**

- 1º. Curriculum Vitae en el modelo indicado no apartado de solicitudes da convocatoria PTA indicado na paxina web do Ministerio. (ligazón) A puntuación será de 0 a 75 puntos.
- 2º. Entrevista persoal. A Puntuación será de 0 a 25 puntos.

Valóranse unicamente os méritos acadados debidamente na data límite do prazo de presentación de solicitudes.

## 5. PROCEDEMENTO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

A presentación das solicitudes realizarase unicamente por medios electrónicos a través dos formularios normalizados dispoñibles na sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela.

(https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/INV_preseleccionConcursoPublico.htm).

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Universidade de Santiago de Compostela https://sede.usc.es/sede/publica/informacion/aspectosTecnicos.htm A documentación complementaria presentarase electrónicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante.

**O prazo de presentación de solicitudes será de TRES (3) días habiles contados a partir do seguinte ao da publicación desta convocatoria.**

## 6. DOCUMENTACIÓN E ADMISIÓN DE ASPIRANTES

As solicitudes deberán ir acompañadas da documentación que se indica, que deberá ser presentada a través da Sede Electrónica:

- DOCUMENTO EN FORMATO PDF. DO CURRICULO VITAE PREFERENTEMENTE NO MODELO DA PAXINA WEB DO MINISTERIO ligazón

A Universidade poderá requirir a exhibición dos documentos orixinais xustificativos dos méritos e requisitos.

A inexactitude, falsidade ou omisión de carácter esencial, de calquera dato ou información na declaración, así como a non presentación da documentación cando lle sexa requirida, determinará a exclusión do proceso de selección e/ou a non formalización do contrato de traballo, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que dea lugar.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o reitor da USC ditará resolución no prazo máximo de **3 días naturais** seguintes ao remate do prazo de solicitudes, declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluídos, que poderá consultar no taboleiro electrónico da USC https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm**,** con indicación neste último caso da causa/s de exclusión.

As persoas aspirantes excluída, disporán dun prazo de **DOUS (2) días naturais,** contados a partir do seguinte ao da publicación da citada resolución, para poder emendar os defectos ou acompañar os documentos que que motivaron a súa exclusión.

A emenda farase UNICAMENTE a través da sede electrónica da Universidade de Santiago de Santiago de Compostela.

As persoas aspirantes que, dentro do prazo sinalado, non emenden a exclusión ou aleguen a omisión, xustificando o dereito a seren incluídas na relación de admitidos, serán definitivamente excluídos. Esta listaxe, cuxa publicación farase efectiva no prazo máximo de 3 días naturais a contar dende o remate de prazo de solicitudes para presentar emendas, poderase consultar no taboleiro electrónico da USC.

https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/-listaxe.htm.

Contra a exclusión definitiva poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante o reitor, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da mesma, perante o xulgado contencioso-administrativo de Santiago de Compostela.

O feito de figurar na listaxe de admitidos **non prexulga** que se lles recoñeza ás persoas interesadas a posesión dos requisitos esixidos, que terán que acreditarse no seu momento.

## 7. ORGANOS DE PRESELECCIÓN

Os órganos de preselección serán as seguintes comisións coa seguinte composición:

**REFERENCIA DA PRAZA: 2022-PTA-01**

- **Presidenta**: Angel María Carracedo Alvarez
- **Secretaria:** Catarina Allegue Toscano
- **Vocal**: Maria Isabel Loza García

**REFERENCIA DA PRAZA: 2022-PTA-02**

- **Presidenta**: Carlos Alberto Salgado López
- **Secretaria:** Elena González Ferreiro
- **Vocal**: Agraham Antonio Gallas Torreira

**REFERENCIA DA PRAZA: 2022-PTA-03**

- **Presidenta**: Jose Manuel Castro Tubio
- **Secretaria:** Miguel González Blanco
- **Vocal**: Iria Gómez Touriño

Os seus membros deberán absterse de intervir cando concorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23.2 da LRXSP debendo facer manifestación expresa das causas que concorran.

Logo da convocatoria da persoa que actúe como presidente/a constituirase a comisión. Na sesión de constitución a comisión acordará todas as decisións que lle correspondan para o correcto desenvolvemento do proceso, que se recollerán na acta/s correspondentes.

## 8. PROCEDEMENTO DE PRESELECCIÓN

A preselección dos candidatos farase salvagardando os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade pola correspondente Comisión de preselección, a cal, á vista das solicitudes e currículos presentados, así como dos criterios de baremación publicados,

soamente valorará aqueles méritos obtidos ata a data en que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

As propostas das comisións de preselección serán motivadas e recollerán a orde de prelación das persoas aspirantes preseleccionadas. A comisión poderá declarar deserta a preselección no caso de evidenciarse a inadecuación dos méritos das persoas aspirantes mediante acordo suficientemente motivado que se incluirá na correspondente acta.

Unha vez finalizada a actuación da comisión de preselección a persoa que actúe como secretaria presentará o expediente na Subárea de Convocatorias e Recursos Humanos de I+D, que conterá,

- **a)** as solicitudes presentadas
- **b)** actas das diferentes reunións
- **c)** a proposta de selección e, se é o caso, a relación complementaria de persoas aspirantes ordenada pola puntuación acadada
- **d)** os recursos, se é o caso, que se presentasen contra as actuacións da comisión

A comisión especializada de selección disporá de 2 días naturais para elevar a selección ordenada de persoas candidatas ás Axudas para a contratación de persoal técnico de apoio á Reitoría e publicala no taboleiro electrónico, a contar desde a publicación da lista definitiva de aspirantes.

A resolución reitoral de selección publicarase no taboleiro electrónico (https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm.) no prazo máximo de **2 días naturais** a contar desde a recepción da proposta de selección.

Posteriormente as persoas preseleccionadas deberán cumprimentar a súa solicitude nos prazos e coa documentación requirida polo órgano convocante, na sede electrónica da Ministerio de Ciencia e Innovación para que o representante legal poida asinala electronicamente. O feito de ter sido preseleccionado pola Universidade de Santiago de Compostela, non implica a obtención da axuda para persoal técnico de apoio.

Contra a resolución de selección, que esgota a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago/Compostela no prazo de 2 meses a contar desde o día seguinte á publicación no Taboleiro Electrónico da Universidade.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Así mesmo, os actos que se deriven das diferentes convocatorias e das actuacións das comisións de selección poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida pola LPACAP.

A interposición de recursos non interromperá o proceso de selección de candidatos.

## 9. NOTIFICACIÓNS ÁS PERSOAS ASPIRANTES

As publicacións detalladas nestas bases, así como a información doutros actos que dela se deriven, que requiran publicación, para os efectos de notificación e de cómputo de prazos, realizaranse no taboleiro electrónico da USC (https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/anunciosTema/0/40/listaxe.htm), única notificación válida.

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte a súa r e ce p c ió n, de conformidade cos artigos 46 e 8.2 a) da Lei da xurisdición contencioso- administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da LPACAP.

Por delegación do Reitor
(RR do 21/04/2022, DOG 26/04/2022)
O Xerente
Javier Ferreira Fernandez

Convocatoria pública extraordinaria de preselección de persoal técnico de apoio - **convocatoria 2023**

Nº solicitude: 2023/xxxx **REFERENCIA DA PRAZA: 2023-PTA-01**

| | |
|---|---|
| **DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS** | |
| **Denominación** | Ayudas para contratos de Personal Técnico de Apoyo (PTA) 2023<br>***"Este contrato es parte de la ayuda REFERENCIA DE LA AYUDA, financiado por MCIU/AEI/10.13039/501100011033 y por el FSE+"*** |
| **Centro de Traballo** | Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular y Enfermedades Crónicas (CIMUS) |
| **Investigador principal** | Angel María Carracedo Alvarez |
| **Membros da Comisión Especializada de Selección** | Presidente/a: Angel María Carracedo Alvarez<br>Secretario/a: Catarina Allegue Toscano<br>Vogal: Maria Isabel Loza García |
| **CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS** | |
| **Tipo de contrato** | Contrato actividades científico-técnicas |
| **Número de prazas** | 1 praza |
| **Traballo a realizar** | Validación funcional de datos genómicos identificados en pacientes afectados de trastornos raros del neurodesarrollo. |
| **Funcións a realizar** | Modelización in vitro 2D y 3D (organoides cerebrales) de variantes genómicas detectadas en pacientes a partir de hiPSCs (comerciales o del propio paciente). Modelización in vivo de variantes genómicas detectadas en pacientes (modelos de pez cebra, modelos murinos). Estrategias basadas en CRISPR-Cas para la generación de los modelos mencionados. Analisis e interpretación de datos funcionales incluyendo datos de -ÓMICAS (principalmente scRNASeq). |
| **Retribución bruta anual** | Titulado superior universitario **22.500 €** abonados en 12 pagas que incluirán las pagas extraordinarias. Titulado Técnico supperior con titulación en el marco de formación profesional del sitema educativo **18.800€** abonados en 12 pagas que incluirán las pagas extraordinarias. |
| **Duración do contrato** | 3 anos |
| **Data de inicio prevista**** | **A partir do día seguinte á data da resolución do Ministerio** necesariamente el día 1 del mes que corresponda |
| **Xornada laboral** | Tempo completo (35.0 horas semanais) 00:00 00:00 - :00 00:00 |
| **Categoría laboral** | Personal Técnico de Apoyo |
| **REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS** | |
| **TITULACIÓN REQUIRIDA** | |

Titulación requerida: (Debe indicar a titulación que se exige para su participación): Licenciatura, Ingeniería, Arquitectura, Grado, Master, Diplomatura, Ingeniería Técnica o Arquitectura Técnica

Titulado Universitario en, Licenciado o equivalente en Ciencias y/o Ciencias de la Salud

Las personas participantes deberán:

- Estar en posesión de la titulación en la fecha de finalización del plazo de cumplimentación del formulario de solicitud.
- No estar disfrutando en la fecha de la publicación del extracto de esta resolución en el «Boletín Oficial del Estado», ni disfrutar en fecha posterior, de un contrato cofinanciado por las ayudas concedidas por esta actuación en convocatorias anteriores.
- No estar vinculada laboralmente con la entidad con la que solicita una ayuda de esta actuación en la fecha de presentación de la solicitud por el Centro de I+D.

**MERITOS A VALORAR**

| **Ítems** | **Concepto do Ítem** | **Puntos** |
|---|---|---|
| **Ítem nº 1** | Currículum vitae preferentemente modelo FECYT aquí | 75 |
| **Ítem nº 2** | Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente ás persoas candidatas que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos. | 25 |

** Formalización contrato no

**plazo de 20 días hábiles a contar desde el día siguiente al de la publicación de la resolución de concesión**

Convocatoria pública extraordinaria de preselección de personal técnico de apoio - **convocatoria 2023**

Nº solicitude: 2023/xxxx **REFERENCIA DA PRAZA: 2023-PTA-02**

| **DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS** | |
|---|---|
| **Denominación** | Ayudas para contratos de Personal Técnico de Apoyo (PTA) 2023<br>***"Este contrato es parte de la ayuda REFERENCIA DE LA AYUDA, financiado por MCIU/AEI/10.13039/501100011033 y por el FSE+"*** |
| **Centro de Traballo** | Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular y Enfermedades Crónicas (CIMUS) |
| **Investigador principal** | Angel María Carracedo Alvarez |
| **Membros da Comisión Especializada de Selección** | Presidente/a: Angel María Carracedo Alvarez<br>Secretario/a: Catarina Allegue Toscano<br>Vogal: Maria Isabel Loza García |
| **CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS** | |
| **Tipo de contrato** | Contrato actividades científico-técnicas |
| **Número de prazas** | 1 praza |
| **Traballo a realizar** | Validación funcional de datos genómicos identificados en pacientes afectados de trastornos raros del neurodesarrollo. |
| **Funcións a realizar** | Modelización in vitro 2D y 3D (organoides cerebrales) de variantes genómicas detectadas en pacientes a partir de hiPSCs (comerciales o del propio paciente). Modelización in vivo de variantes genómicas detectadas en pacientes (modelos de pez cebra, modelos murinos). Estrategias basadas en CRISPR-Cas para la generación de los modelos mencionados. Analisis e interpretación de datos funcionales incluyendo datos de -ÓMICAS (principalmente scRNASeq). |
| **Retribución bruta anual** | Titulado superior universitario **22.500 €** abonados en 12 pagas que incluirán las pagas extraordinarias. Titulado Técnico supperior con titulación en el marco de formación profesional del sitema educativo **18.800€** abonados en 12 pagas que incluirán las pagas extraordinarias. |
| **Duración do contrato** | 3 anos |
| **Data de inicio prevista**** | **A partir do día seguinte á data da resolución do Ministerio** necesariamente el día 1 del mes que corresponda |
| **Xornada laboral** | Tempo completo (35.0 horas semanais) 00:00 00:00 - :00 00:00 |
| **Categoría laboral** | Personal Técnico de Apoyo |

## REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS

### TITULACIÓN REQUIRIDA

Titulación requerida: (Debe indicar a titulación que se exige para su participación): Licenciatura, Ingeniería, Arquitectura, Grado, Master, Diplomatura, Ingeniería Técnica o Arquitectura Técnica

Titulado Universitario en, Licenciado o equivalente en Ciencias y/o Ciencias de la Salud

Las personas participantes deberán:

- Estar en posesión de la titulación en la fecha de finalización del plazo de cumplimentación del formulario de solicitud.
- No estar disfrutando en la fecha de la publicación del extracto de esta resolución en el «Boletín Oficial del Estado», ni disfrutar en fecha posterior, de un contrato cofinanciado por las ayudas concedidas por esta actuación en convocatorias anteriores.
- No estar vinculada laboralmente con la entidad con la que solicita una ayuda de esta actuación en la fecha de presentación de la solicitud por el Centro de I+D.

### MERITOS A VALORAR

| Ítems | Concepto do Ítem | Puntos |
|---|---|---|
| **Ítem nº 1** | Currículum vitae preferentemente modelo FECYT aquí | 75 |
| **Ítem nº 2** | Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente ás persoas candidatas que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos. | 25 |

** Formalización contrato no

**plazo de 20 días hábiles a contar desde el día siguiente al de la publicación de la resolución de concesión**

Convocatoria pública extraordinaria de preselección de personal técnico de apoio - **convocatoria 2023**

Nº solicitude: 2023/xxxx **REFERENCIA DA PRAZA: 2023-PTA-03**

| **DATOS DA ACTIVIDADE/PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN PARA O QUE PRESTARÁ SERVIZOS** | |
|---|---|
| **Denominación** | Ayudas para contratos de Personal Técnico de Apoyo (PTA) 2023<br>***"Este contrato es parte de la ayuda REFERENCIA DE LA AYUDA, financiado por MCIU/AEI/10.13039/501100011033 y por el FSE+"*** |
| **Centro de Traballo** | Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular y Enfermedades Crónicas (CIMUS) |
| **Investigador principal** | Angel María Carracedo Alvarez |
| **Membros da Comisión Especializada de Selección** | Presidente/a: Angel María Carracedo Alvarez<br>Secretario/a: Catarina Allegue Toscano<br>Vogal: Maria Isabel Loza García |
| **CARACTERÍSTICAS DO/S CONTRATOS** | |
| **Tipo de contrato** | Contrato actividades científico-técnicas |
| **Número de prazas** | 1 praza |
| **Traballo a realizar** | Validación funcional de datos genómicos identificados en pacientes afectados de trastornos raros del neurodesarrollo. |
| **Funcións a realizar** | Modelización in vitro 2D y 3D (organoides cerebrales) de variantes genómicas detectadas en pacientes a partir de hiPSCs (comerciales o del propio paciente). Modelización in vivo de variantes genómicas detectadas en pacientes (modelos de pez cebra, modelos murinos). Estrategias basadas en CRISPR-Cas para la generación de los modelos mencionados. Analisis e interpretación de datos funcionales incluyendo datos de -ÓMICAS (principalmente scRNASeq). |
| **Retribución bruta anual** | Titulado superior universitario **22.500 €** abonados en 12 pagas que incluirán las pagas extraordinarias. Titulado Técnico supperior con titulación en el marco de formación profesional del sitema educativo **18.800€** abonados en 12 pagas que incluirán las pagas extraordinarias. |
| **Duración do contrato** | 3 anos |
| **Data de inicio prevista**** | **A partir do día seguinte á data da resolución do Ministerio** necesariamente el día 1 del mes que corresponda |
| **Xornada laboral** | Tempo completo (35.0 horas semanais) 00:00 00:00 - :00 00:00 |
| **Categoría laboral** | Personal Técnico de Apoyo |

## REQUISITOS E MERITOS DOS CANDIDATOS/AS

### TITULACIÓN REQUIRIDA

Titulación requerida: (Debe indicar a titulación que se exige para su participación): Licenciatura, Ingeniería, Arquitectura, Grado, Master, Diplomatura, Ingeniería Técnica o Arquitectura Técnica

Titulado Universitario en, Licenciado o equivalente en Ciencias y/o Ciencias de la Salud

Las personas participantes deberán:

- Estar en posesión de la titulación en la fecha de finalización del plazo de cumplimentación del formulario de solicitud.
- No estar disfrutando en la fecha de la publicación del extracto de esta resolución en el «Boletín Oficial del Estado», ni disfrutar en fecha posterior, de un contrato cofinanciado por las ayudas concedidas por esta actuación en convocatorias anteriores.
- No estar vinculada laboralmente con la entidad con la que solicita una ayuda de esta actuación en la fecha de presentación de la solicitud por el Centro de I+D.

### MERITOS A VALORAR

| **Ítems** | **Concepto do Ítem** | **Puntos** |
|---|---|---|
| **Ítem nº 1** | Currículum vitae preferentemente modelo FECYT aquí | 75 |
| **Ítem nº 2** | Entrevista persoal. A entrevista realizarase unicamente ás persoas candidatas que na suma do resto dos méritos acaden un mínimo de 50 puntos. | 25 |

** Formalización contrato no

**plazo de 20 días hábiles a contar desde el día siguiente al de la publicación de la resolución de concesión**